

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ADAPTADA (PDA)



3º Trimestre - 2019/20

C.E.I.P. Milladoiro – Malpica de Bergantiños

ÍNDICE

- 1. Contextualización e PDI**
- 2. Metodoloxía**
- 3. Recursos persoais e materiais**
- 4. Avaliación**
- 5. Programación Didáctica Adaptada 1º ciclo**
- 6. Programación Didáctica Adaptada 2º ciclo**
- 7. Programación Didáctica Adaptada 3º ciclo**
- 8. Programación Didáctica Adaptada Educación Física**
- 9. Programación Didáctica Adaptada Música**
- 10. Programación Didáctica Adaptada Inglés**
- 11. Programación Didáctica Adaptada Relixión**
- 12. Criterios de Avaliación Educación Infantil**

1. Contextualización e PDI

O 12 de marzo, pouco antes das 14h, comezamos a recibir chamadas de algunhas familias preguntándonos por unhas declaración que, ao parecer, estaba a facer o Presidente do Goberno de Galicia na televisión. Falábanos da suspensión da actividade docente e tiñamos que responder que non sabíamos nada. Como así era.

Ese mesmo día, ás 21:10h, recibimos un correo DA Consellería no que se indicaba a suspensión das aulas.

Relatamos este sucedido porque esta situación de rotura da comunicación entre os centros e a Administración educativa converteuse, co paso de dous meses, nunha constante: no sucesivo, sempre apareceron as noticias, instrucións, directrices... antes nos medios de comunicación que na esperada liña de comunicación directa entre os diferentes eslabóns da Administración. No noso caso: da Administración educativa.

Os pormenores das primeiras actuacións e como nos organizamos para o contacto co alumnado e as súas familias e seguir a manter unha certa normalidade académica, figuran no informe solicitado pola Inspección educativa e remitido á mesma o 24 de Marzo.

Restablecido o contacto titor-familias-escolares, prestamos atención á necesaria coordinación na distancia co imprescindible Departamento de orientación, articulando tamén un sistema de comunicación con este.

2. Metodoloxía

No primeiro momento pedíuselle ao profesorado:

1. Que localizase a todo o seu alumnado.
2. Que establecese algunha canle de comunicación con eles/as.
3. Reorganizamos os blogues de ciclo, parcelando áreas en forma de pestanas para que o alumnado encontrase unha certa orde na comunicación que establecían con nós.

Así, temos blogues (un por cada ciclo):

- Educación Infantil: <http://cativosmilladoiro.blogspot.com/>
- 1º ciclo: <http://picarosmilladoiro.blogspot.com/>
- 2º ciclo: <https://baleatos.blogspot.com/>
- 3º ciclo: <http://malpicamil.blogspot.com/>
- E o da biblioteca: <http://bemilladoiro.blogspot.com>

En cada blogue de ciclo, organizamos pestanas para dar cabida ás propostas de diferentes áreas e que alumnado puidera recibir as nosas comunicacións dun xeito ordenado.

Reservamos a páxina web do centro, que tradicionalmente para a nosa comunidade é un espazo de comunicación de asuntos oficiais, para esa finalidade.

A metodoloxía que o centro recomendou a todo o profesorado foi:

- Evitar ás familias a necesidade de imprimir traballos. Por cuestión legais e tamén económicas.
- Presentar as propostas en forma de Tarefas Integradas, evitando a sobrecarga de área a área. Algúns titores fan propostas semanas (a maioría) e outros diarias.
- Priorizar a comunicación interciclo así como a internivel evitando entre o profesorado a sensación de funcionamento descoordinado.
- Facer un esforzo especial por visibilizar e transmitir de modo explícito a idea de comunicade: confinados, seguimos a ser un colexio.

3. Recursos persoais e materiais.

3.1. Persoais

Aqueles cos que contamos como docentes: en ausencia de directrices claras da Administración educativa, foi a Dirección do centro que elaborou orientacións e marcos de actuación con posibles medidas de apoio ao labor docente. Vímonos sos

diante das familias ás que tiñamos que dar respostas. Respostas que a nós non nos achegaban os nosos superiores. A nosa estratexia foi construír unha unidade de acción para, como centro, poder ofrecer ás familias unha certa sensación de que non estaban desamparados, de que o profesorado seguía aquí dispoñible para intentar seguir aportando unha pequena dose de normalidade á vida dos nenos e nenas. Respectando realidades familiares que descoñeciamos e sendo todo o flexibles que as circunstancias nos permitían.

O profesorado mobilizou tódolos seus coñecementos de electrónica e informática. Fixo o propio co coñecemento sobre deseño de Tarefas Integradas. Mobilizou tamén, o coñecemento adquirido sobre a realidade de cada unha das familias ás que atende educativamente e puxo ao seu servizo a súa calidade humana.

Compatibilizando o seu labor titorial coas diferentes realidades familiares.

En ningún dos escasos documentos que recibimos das autoridades educativas, apareceu referencia algunha a este recoñecemento de que o profesorado eramos tamén vítimas das circunstancias físicas e psicolóxicas derivadas do confinamento.

3.2. Materiais

Para teletraballar, precisábamnos equipos e conexión.

O profesorado puxo a disposición da Consellería recursos propios (persoais e familiares) Asunto este que a Consellería deu por feito, sen facer pregunta algunha.

Afortunadamente, no noso centro todo o persoal dispoñía deles e tivo a ben emprestarllos. Houbo, emporiso, que salvar as dificultades propias da necesaria conciliación coas necesidades do resto dos convivistes.

Respecto do **alumnado**: agardamos a iniciativa da Consellería e, cando desistimos de seguir nesa espera, foi o propio centro quen sondou as necesidades familiares e puxo en marcha un programa de empréstimo de equipos en colaboración co Concello que foi quen facilitou os recursos para a conexión á rede. Deste xeito o 17 de abril, finalmente tivemos todo o alumnado conectado. Moitos deles en condicións precarias pois a rede no medio rural carece da calidade técnica necesaria.

4. Avaliación

A avaliación ordinaria responderá máis que nunca ao adxectivo de *continua* .

Non podemos avaliar o que non vemos e vivimos in situ, polo que nos falta o principal instrumento de avaliación dun mestre de Primaria: a observación. Dispoñemos dos produtos (evidencias do traballo) que nos achegan as familias en formato de imaxe, audio ou vídeo

Para contar con estas evidencias, precisamos a colaboración das familias (que envíen, que colaboren ...) e esta non é sempre posible pois moito do noso alumnado pertence a familias que, polo seu traballo, forman parte dos servizo esenciais e non están na casa a diario.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

Evidencias recibidas por correo electrónico.

Criterios de cualificación.

As evidencias que recibimos do alumnado serán valoradas de maneira positiva.

Adecuación da Programación Didáctica.

Os contidos programados para este terceiro trimestre sofren, necesariamente un adiamento e serán incluídos na Programación do vindeiro curso 2020/21.

Os contidos cos que traballamos neste trimestre responden ao indicado nas Instrucións do 27 de Abril.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ADAPTADA (PDA)

1º CICLO

EDUCACIÓN PRIMARIA



3º Trimestre - 2019/20

C.E.I.P. Milladoiro – Malpica de Bergantiños

ÍNDICE

- 1. Contextualización e PDI.**
- 2. Obxectivos Xerais da Educación Primaria.**
- 3. Áreas.**
- 4. Ensinanzas Transversais.**
- 5. Metodoloxía.**
- 6. Recursos persoais e materiais.**
- 7. Temporalización.**
- 8. Avaliación.**
 - 8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.**
 - 8.2. Criterios de cualificación e promoción.**
 - 8.3. Adecuación da Programación Didáctica.**
- 9. Atención á diversidade.**
 - Anexo I: Áreas (cadros curriculares e perfís competenciais)**

1. Contextualización e PDI.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 6.7 das Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, reeditamos a presente Programación Didáctica Adaptada (PDA) de cada curso/nivel do 1º ciclo de E.P. e que foi por nós editada para poder dar continuidade ao calendario escolar vixente, tal e como dictou a Administración educativa dentro da situación de estado de alarma por mor do virus COVID-19.

Esta PDA parte da Programación Didáctica (PD) 2019/20, tendo en conta os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave; así coma os criterios metodolóxicos para o presente 3º trimestre 2019/20.

Respectamos a nosa PD de curso, eliminando estándares de aprendizaxe non desenvolvidos ata o 12 de marzo de 2020, día no que o Presidente da Xunta de Galicia anunciou a través dos medios de comunicación, sen aviso previo aos centros por parte da Administración, que a partires do día seguinte non era obrigatorio que o alumnado asistise á escola e que a partires do luns 16 de marzo a actividade lectiva quedaba suspendida.

A PDA de cada curso/nivel do 1º ciclo desenvólvese, de maneira telemática, para un total de 13 alumnos/as no 1º curso e un total de 17 alumnos/as no 2º curso.

O equipo docente do 1º ciclo de E.P. está formado por:

- Vanesa M. Montes Garrido (mestra de A.L. e coordinadora do ciclo)
- Óscar Pérez Rodríguez (mestre de E.F, imparte C.C. Sociais de 2º)
- Susana Álvarez Mato (titora de 1º e coordinadora do EDLG)
- Mª Fátima Romero Olveira (titora de 2º e membro do equipo directivo)

O Proxecto Documental Integrado (PDI) do centro no presente curso “Visión 3C: Comunicación, Ciencia e Creatividade” seguirá sendo o noso centro de interese, que neste 3º trimestre atendería á CREATIVIDADE, habilidade innata de todo ser humano e máis necesaria ca nunca no momento actual de parada obrigada nos nosos ritmos de vida e incertidumes varias.

2. Obxectivos Xerais da Educación Primaria

Segundo o *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, a educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. Áreas.

As áreas de cada nivel do ciclo organizámolas en 3 grandes bloques:

- ✓ Linguas, recolle as áreas de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura coa súa avaliación competencial. O principal obxectivo é o Tratamento Integrado das Linguas.
- ✓ Matemáticas, recolle esta área coa súa avaliación competencial.
- ✓ Ciencias: Naturais e Sociais, recolle as 2 áreas relacionadas co coñecemento do medio e as súas avaliacións competenciais.

Os cadros curriculares e a avaliación competencial de cada bloque pódese ver no **anexo I** ao final desta PDA ao igual que os perfís competencias do punto 8.2 , organizámolo así polo diferente diseño de páxinas durante a edición.

4. Ensinanzas Transversais

O carácter de transversalidade destas ensinanzas xa decide o feito de que non aparezan asociadas a ningunha área de coñecemento, se non a todas elas. Ensinanzas estas indispensables para desenvolver o saber ser do noso alumnado sendo competentes como cidadáns de pleno dereito.

As T.I. deseñadas terán en conta os seguintes bloques de ensinanzas transversais que cremos relevantes e imprescindibles nesta PDA, tales como:

Educación para a saúde e a calidade de vida

- Valorar e coidar o propio corpo.
- Aceptación e aprecio do propio corpo e os seus cambios ao longo do tempo.
- Actitude de axuda cara ás persoas enfermas, anciás, con algunha discapacidade...
- Importancia da alegría, da risa e do sorriso para a nosa saúde.

Educación moral e cívica

- Aceptación e valoración da propia imaxe e forma de ser.
- Interese por vivir o valor da confianza nos maiores e nos iguais.
- Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia.
- Superación de prexuízos respecto das persoas ou grupos sociais minoritarios.

Educación ambiental

- Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.
- Descubrimento global do contorno como elemento imprescindible para a vida.
- Interese por respectar a natureza e contribuír a súa conservación.

- Aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan.

Educación para a paz

- Tolerancia e respecto cara a todas as posturas.
- Respetto e tolerancia cara ás opinións alleas.
- Aprender a relaxarse.
- Adopción de actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, colaboración.

5. Metodoloxía

➤ **Coordinación centro/internivel.**

Se no día a día a coordinación docente é a base da nosa labor, nesta situación faise máis necesaria; posto que estamos a desenvolvela en soidade nos nosos fogares diante dunha fría pantalla de ordenador.

A unificación de criterios establecida pola Dirección permite que a liña pedagóxica e de acción do noso centro continúe intacta, reforzando a necesaria coordinación internivel co fin de ofrecer ao noso alumnado/familias a unidade de acción colexiada e seguir compartindo, aportando as nosas ideas para seguir creando xuntos/as (punto 6.2 das Instrucións do 27 de abril de 2020)

Esta coordinación realízase de xeito telemático a través de: correos electrónicos, videoconferencias, contacto telefónico...

➤ **Blogue do 1º ciclo:** www.picarosmilladoiro.blogspot.com

O noso blogue de ciclo que na actividade educativa presencial é un recurso indispensable, como e-portfolio colectivo de cada grupo-clase e de autoavaliación, sufriu as adaptacións necesarias para dar resposta á esta educación telemática convertíndose, na actualidade, nas nosas aulas virtuais.

Así, reorganizamos o seu diseño para crear páxinas/seccións que faciliten ao alumnado e familias o seu uso, directo e claro, a todas as publicacións; entre as cales queremos destacar a primeira páxina NÓS na cal imos publicando diferentes tipos de arquivos que nos remiten as familias para compartir con todos/as, sendo esta sección a adicada a seguir sentíndonos grupo-clase, compañeiros/as de ciclo axudando a coidar o noso estado emocional e dando un pulo a todos/as para seguir divertíndose aprendendo.



A día de hoxe, podemos dicir reelaborando esta PDA que as nosas aulas virtuais chegan a moitos fogares por:

- A exitosa resposta das nosas familias a través do correo electrónico do blogue:

pícarosmilladoiro@gmail.com

No cal recibimos as súas comunicacións, con arquivos adxuntos, de momentos vitais do seu día a día (infórmannos do estado emocional do noso alumnado e familias) e/ou de produtos finais creativos e feitos en familia das actividades propostas. A través das respostas a estas comunicacións realizamos parte do noso acompañamento docente (punto 6.6 das Instrucións do 27 de abril de 2020)

- O número de visitas rexistrado en cada páxina/sección do blogue de ciclo.

Páxina	Vistas	Visitas
NÓS	1 1234	8526
Educación Física	0 459	8526
Ciencias Naturais e Sociais	0 395	8526
Inglés	0 28	8526
TI 2º	0 683	8526
TI 1º	0 497	8526
D.O.	0 148	8526
Música	0 299	8526
Radio Balea	0 239	15026
Relixión C.	0 32	26422

➤ Tarefas Integradas (T.I.)

A nosa liña metodolóxica fundaméntase na realización de Tarefas Integradas (T.I.) que desenvolvan aprendizaxes emocionais, transversais, significativos e interdisciplinares que conduzan á consecución das competencias básicas (punto 6.8 das Instrucións do 27 de abril de 2020)

As competencias básicas engloban o saber, o saber facer e o saber ser.

Neste 3º trimestre imos centrarnos no saber ser e no saber facer para repasar/reforzar o saber do noso alumnado.

O saber ser, a súa actitude ante a situación de confinamento que están a vivir é a nosa principal prioridade, coidando do seu benestar emocional e saúde mental poderán desenvolver o saber facer nos seus laboratorios de aprendizaxe familiares e afianzar o saber para chegar a ser alumnos/as competentes.

O proceso de creación de T.I. xurde no contexto de aula/centro en situacións vivenciais de aprendizaxe coas que propiciamos a curiosidade do noso alumnado por aprender. As preguntas precisan respostas que lles permiten seguir formando a andamiaxe competencial dende unha perspectiva emocional necesaria para a adquisición de aprendizaxes significativos.

Nesta situación de educación telemática non existe a necesaria retroalimentación in situ alumnado-profesorado. A elaboración, pois, de propostas de actividades (diversificadas atendendo competencias e intelixencias múltiples) conformando T.I. xurde de maneira unilateral; partindo do que cremos pode emocionar e motivar ao noso alumnado suscitando o seu interese por seguir aprendendo.

O acompañamento/apoio das familias como dinamizadores fundamentais para a posta en práctica das T.I. é indispensable, destacando a necesaria colaboración familia-centro que preside todo proceso educativo. As familias son pilar fundamental de toda comunidade educativa e nesta educación a distancia o seu papel como familias educadoras dos/das seus/súas fillos/as é factor sine qua non para materializala.

Por todo isto, non marcamos prazos de entrega de produtos finais das T.I. se non que propoñemos, suxerimos, animamos á participación porque o que máis nos preocupa é o benestar emocional do noso alumnado e familias (punto 6.1 das Instrucións do 27 de abril de 2020) entre as cales a diversidade de casuísticas é unha realidade, aplicando a flexibilidade como principio de actuación básico.

As publicacións das T.I. no blogue de ciclo faise a través do programa Calameo, que nos permite presentalas en forma de caderno dixital e na súa configuración non dá opción a imprimir o mesmo, só visualizalo. Esta opción é fundamental, pois dende o primeiro momento



tivemos moi claro que non todas as familias contan cos mesmos recursos nos seus fogares e non queremos incentivar as desigualdades de partida do noso alumnado. Os únicos recursos que necesitan para a realización das mesmas son: os tecnolóxicos (móvil, tablet ou pc), os escolares (cadernos, folios, lapis, goma, cores...) e o indispensable acompañamento/apoio familiar. Picando nos seguintes hipervínculos pódense visualizar as publicacións feitas ata o momento:

- ❖ [Tarefas Integradas 1º nivel do 1º ciclo](#)
- ❖ [Tarefas Integradas 2º nivel do 1º ciclo](#)

Queremos engadir neste punto a necesaria formación permanente de todo docente, a cal seguimos levando a cabo xunto coa fría e ardua tarefa que supón esta educación telemática. Así, as titoras de cada nivel participamos no seminario online “Por una buena escuela en tiempos de Coronavirus” promovido por Integratex o sábado 25 de abril de 2020 e tendo como formador ao gran Mestre Francesco Tonucci, o cal nos reafirmou na nosa liña metodolóxica.

Engadir, que as titoras tamén colaboramos dende a súa creación no proxecto [Aulas Galegas](#), aportando o noso bo facer na sección do 1º ciclo de E.P. e na sección de Lecturas Compartidas.



6. Recursos persoais e materiais.

Nesta educación telemática **os recursos persoais** cos que contamos somos NÓS, sós/soas, coma comunidade educativa do CEIP Milladoiro de Malpica de Bergantiños.

Cada un dos seguintes axentes persoais da nosa comunidade amosou e amosa día a día o esforzo, motivación, dedicación, creatividade e capacidade resolutive neste confinamento:

- ❖ As familias por perseverar na súa función como familias educadoras dos/das seus/súas fillos/as, parte fundamental desta nosa comunidade.
- ❖ O profesorado da nosa comunidade educativa, os cales tivemos que reinventarnos para dar solucións creativas e respectuosas coa nosa propia intimidade persoal dentro dun ámbito profesional que nos vemos obrigados/as a desenvolver dende os nosos propios fogares.
- ❖ A dirección do centro, que coa súa unidade de acción e actuación en canto a criterios, medidas, apoios...confronta coa liña de actuación da Administración que se define pola falla dunha clara e resolutive comunicación/acción de cara a nosa comunidade. As medidas adoptadas, aplicadas e materializadas foron claves para

que o noso alumnado e familias conten cos recursos tecnolóxicos necesarios (punto 4.3 das Instrucións do 27 de abril de 2020)

- ❖ O concello, que facilitou a conexión de datos naqueles fogares que o precisaron.

Os **recursos materiais** cos que contamos son os nosos propios recursos, do noso ámbito persoal, pois estamos na mesma situación de confinamento que o noso alumnado e familias.

Para preservar a nosa vida persoal, dando cumprimento á Lei de Protección de Datos, cando foi necesario contactar con algunha familia pola súa desconexión telemática ou pola súa urxencia fixémoslo cos nosos propios teléfonos a través da emisión da chamada con número privado.

Empregamos os nosos propios equipamentos informáticos que temos que compartir cos nosos convivintes, polo que algúns/algunhas de nós tamén precisamos do empréstito que habilitou a Dirección do centro de equipamentos propiedade do colexio para as familias, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión (punto 4.4 das Instrucións do 27 de abril de 2020)

Queremos pechar este apartado cunha pequena e necesaria reflexión: a Administración dicta instrucións, no estado de alarma, mantendo o calendario escolar vixente o que conleva reinventarnos, xa, para idear e pór en práctica a educación telemática. Estas instrucións, tardías, baleiras de orientacións e recursos nin medios para afrontar a mesma máis que a nosa propia capacidade resolutive de acción, fainos estar moi orgullosos/as da nosa comunidade educativa que en soidade está conseguindo que o proceso educativo do alumnado siga vivo, respectando a nosa liña pedagóxica dende o primeiro momento.

7. Temporalización

A presente PDA é de aplicación para o 3º trimestre do curso 2019/20 e, tendo en conta o seu carácter flexible, poderá ir adaptándose ás diferentes necesidades, circunstancias e demandas que se orixinen na súa posta en práctica.

A temporalización de cada publicación de T.I. será semanal incentivando no alumnado e familias a necesaria organización diaria previa para a realización da mesma.

8. Avaliación

O proceso de avaliación que é inicial, continuo e final detense, nesta excepcional situación, na necesidade primordial de enfatizar a continuidade da mesma.

Por ende, terase en conta o progreso do alumnado ao longo dos trimestres (1º e 2º) nos que desenvolvemos a actividade lectiva presencialmente, aplicando os mecanismos, cando se precisaron e se precisen, para reorientar a programación.

Este carácter continuo da avaliación ten un valor sustancial no presente 3º trimestre, no cal a nosa función docente carece de recursos indispensables, instrumentos de avaliación necesarios, para poder evidenciar in situ (actividade lectiva presencial) o desenvolvemento competente do alumnado.

Todas as actividades propostas en cada publicación de T.I. son de reforzo e repaso do aprendido (punto 7.3 das Instrucións do 27 de abril de 2020). A ampliación de aprendizaxes anteriores partirá de tarefas procedimentais que deriven na consecución de novas aprendizaxes de maneira vivencial desenvoltas nas súas vidas cotiás.

Todas as evidencias do traballo escolar realizado polo alumnado no 3º trimestre serán valoradas de maneira positiva (punto 7.2 das Instrucións do 27 de abril de 2020) e a avaliación do 3º trimestre e a avaliación ordinaria fundamentaranse no carácter continuo da mesma.

8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

	PROCEDEMENTOS		
	<i>Escritos</i>	<i>Orais</i>	<i>Outros</i>
I N S T R U M E N T O S	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades interactivas (publicacións T.I. no blogue de ciclo) 	<ul style="list-style-type: none"> • Gravación de audios e vídeos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Blogue de aula, a nosa aula virtual. • Correo electrónico do blogue. • Rúbricas de avaliación das T.I. publicadas.
	<ul style="list-style-type: none"> • <u>E-Portfolio individual</u> (carpeta dixital de recollida das evidencias do traballo escolar realizado por cada alumno/a) • <u>E-Portfolio colectivo</u> (carpeta dixital de recollida das evidencias do traballo escolar do grupo-clase a través de propostas organizadas e promovidas a nivel aula, ciclo e/ou centro) 		

8.2. Criterios de cualificación e promoción.

A promoción de curso será a norma xeral considerándose a repetición de curso unha medida excepcional debidamente xustificada, tal e como recolle nas leis educativas vixentes e se dicta no punto 7.5 das Instrucións do 27 de abril de 2020.

As cualificacións do 3º trimestre e ordinaria atenderán á avaliación competencial recollida en cada bloque de áreas e aos perfís competenciais comúns a todas as áreas, recollidos nas táboas do **anexo I** para o 1º e 2º nivel do 1º ciclo de E.P, suliñando o carácter continuo da avaliación.

8.3. Adecuación da Programación Didáctica.

Esta PDA será avaliada para coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos na mesma, identificando os acertos e erros cometidos, e propoñendo propostas de mellora de cara a unha intervención futura.

Tendo isto en conta, tamén hai que engadir que só podemos apoiar, orientar, guiar ás familias no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as. Animándoas a realizar e participar en cada publicación de T.I. e en cada proposta feita a nivel ciclo/centro que facemos e faremos, contando co seu esforzo e boa vontade para dar continuidade ao proceso educativo do noso alumnado a través do noso acompañamento docente (punto 6.6 das Instrucións do 27 de abril do 2020)

Nas reunións colexiadas celebradas para unificar criterios de actuación e organización, valorárase tanto o proceso coma os resultados da presente PDA, aberta e flexible a posibles modificacións ao longo da súa posta en práctica.

9. Atención á diversidade

A primeira medida de atención á diversidade é a concreción do Proxecto Educativo reflectida primeiramente coma PD e dende o estado de alarma coma a presente PDA.

Esta concreción de PDA xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada nivel e da etapa.

Así, contamos con diferentes medidas para dar resposta á diversidade do alumnado:

❖ **Medidas Organizativas:**

- Actuacións coordinadas dos distintos profesionais que interveñen no nivel/ciclo: titora-DO-especialistas. O DO seguirá apoiando á diversidade do noso alumnado e familias coas medidas, actuacións e programas que desenvolven (punto 5.3 das Instrucións do 27 de abril de 2020) e ten presenza nunha das páxinas/seccións do blogue de ciclo
- Propostas de traballo diversificadas reflexadas nas T.I. destacando, entre outras:
 - ✓ Adaptación de contidos. Os contidos nucleares preséntanse de forma pautada, con máis apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte do alumnado.
 - ✓ Competencias e intelixencias múltiples. Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias nos aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa música...
 - ✓ Recursos dixitais varios organizados e publicados no blogue de ciclo.

❖ **Medidas Curriculares:**

• **Ordinarias:**

- Reforzo educativo.
- Permanencia un ano máis con carácter ordinario.

• **Extraordinarias:**

- Adaptación Curricular.
- Permanencia un ano máis con carácter extraordinario.

No momento actual, a nosa resposta á diversidade non só pode estar enfocada ao noso alumnado, tal e como recollemos nas medidas anteriormente citadas, se non que tamén é necesario dar resposta á diversidade de familias.

Existe diversidade de casuísticas familiares no tocante as súas situacións sanitarias, emocionais, laborais, económicas...moi difíciles de sobrelevar; polo que o noso principal obxectivo é o de apoiar, acompañar e axudar garantindo o benestar emocional do noso alumnado e que recollemos ao longo desta PDA (metodoloxía, recursos...), a cal é susceptible de sufrir modificacións ao longo do seu desenvolvemento, polo seu carácter aberto e flexible, segundo como avance esta excepcional situación de emerxencia sanitaria e social.

ANEXO I: Áreas

Cadros curriculares

e

perfís competenciais

Áreas e perfís competenciais

1º nível do 1º ciclo E.P.

BLOQUE LINGUAS (LGL e LCL)

Cadro curricular. 1º Educación Primaria

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none">▪ b▪ d▪ e▪ i	B1.1. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.	B1.1. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	LGB1.1.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCL▪ CD▪ CAA▪ CSC
<ul style="list-style-type: none">▪ a▪ b▪ c▪ e▪ o	B1.2. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	B1.2. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.2.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCL▪ CAA▪ CSC▪ CSEIEE
			LGB1.2.2. Sigue unha	<ul style="list-style-type: none">▪ CCL

			exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			LGB1.2.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ o 	B1.3. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.	B1.3. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.	LGB1.3.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			LGB1.3.2. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
			LGB1.3.3. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas de aula.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ o 	B1.4. Participación en situacións de comunicación de aula, espontáneas ou dirixidas, organizando, de forma xeral, o discurso.	B1.4. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.4.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			LCB1.4.2. Participa activamente en diversas situacións de comunicación:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD

			-diálogos -exposicións orais moi guiadas-	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
			LG1.4.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			LGB1.4.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
b e	B1.5 Producción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	B1.5 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.5.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
			LCB1.5.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			LCB1.5.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B1.6. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.6. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.6.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B1.7. Interese pola ampliación de vocabulario.	B1.7. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.7.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	B1.8. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	B1.8. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.8.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E ▪ o 	B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega e castelá.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	B1.11. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	B1.11. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	LGB1.11.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	B1.12. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diversas fontes.	B1.12. Comprender o sentido global dun texto oral.	LCB1.12.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B1.13. Dramatizacións de textos infantís.	B1.13. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.13.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	B1.14. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	B1.14. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar	LCB1.14.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	B1.15. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua e en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...)	B1.15. Identificar a lingua galega en diversos contextos de uso oral.	LGB1.15.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B2.1. Interpretación da información das ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	B2.2. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	B2.2. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.2.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 			LGB2.2.2. Le textos sinxelos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

			en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada acadando progresivamente velocidade.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l ▪ J ▪ o 	<p>B2.3. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</p> <p>Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián.).</p>	B2.3. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.3.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			LGB2.3.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL
			LGB2.3.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

			cotián	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B2.4. Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.	B2.4. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.4.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B2.5. Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.	B2.5. Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.5.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	CCL
			LCB2.5.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	B2.6. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	LGB2.6.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			LGB2.6.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.7. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.7.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B2.8. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector.	B2.8. Progresar na adquisición do hábito lector.	LCB2.8.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

			axeitados para obter información e para o seu lecer.	
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR				
e	B3.1. Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.	B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua castelá e galega en palabras significativas	CCL
e	B3.2. Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.	B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	B3.3. Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás ou escolares como anotacións, listaxes, invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	B3.3. Producir, con axuda, e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás e escolares, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.3.1. Produce, con axuda, e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			LGB3.3.2. Compón textos moi sinxelos relacionados coa escola: listaxes, descrições ou explicacións elementais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			LGB3.3.3. Interésase por aplicar as regras	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

			ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas en nomes propios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B3.4. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, revisión e reescritura. Producción de textos segundo Plan de escritura.	B3.4. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	LCB3.4.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			LCB3.4.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	B3.5. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.	B3.5. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	B3.6. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	B3.6. Interesarse polos textos escritos como medio de aprendizaxe e comunicación, de regulación de convivencia e de expresión escrita.	LGB3.6.1. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA				

LINGUA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B4.1. A palabra. Iniciación ao orde alfabético.	B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua: os fonemas e as súas grafías, sílabas, palabras e frases simples.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA
			LCB4.1.4. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
			LCB4.1.5. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	CCL
			LGB4.1.6. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	CCL
e	B4.2. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.2. Recoñecer as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.2.1. Separa as palabras que conforman un enunciado.	CCL CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ o 	B4.3. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa	B4.3. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha	LGB4.3.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

	aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	competencia integrada.	linguas que coñece.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E ▪ i 	B4.4. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao alcance e propios da súa idade.	B4.4. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.4.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ o 	B4.5. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada	LCB4.5.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte. 	B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de	B5.2. Valorar e apreciar o texto literario galego como vehículo de comunicación,	LGB5.2.1. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

	comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	
	Procedementos e instrumentos de avaliación Valoración fichas de reforzo e libreta 20% Nota global das anteriores avaliacións 80%
--	--

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso ampliación).

Actividades	<p>As actividades que se levarán acabo neste terceiro trimestre serán básicamente de repaso dos temas dados nas avaliacións anteriores.</p> <p>Modelo de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas de repaso ,reforzo e ampliación sobre wild animals and their hábitats.(3º) -Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre school things and the parts of school. To have got.(3º) -Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre sports.Habilities: can/can't.(3º) -Fichas de repaso reforzó e ampliación sobre food and drink. Likes and dislikes.(3º) <p>Proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Easter project: sobre a Pascua(3º-4º) -Mother's day project(3º-4º) -Intrevistas -Proxectos: animals ,food (3º) <p>Tarefas integradas.(3º-4º)</p> <p>Gravacións .(3º-4º)</p> <p>Videos sobre temas motivadores.(3º-4º)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre sports and hobbies.The present simple(4) -Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre The parts of the body and pets. To have got.(4º) -Fichas de repaso, reforzo e ampliación de Food and feelings. There's-there are. - Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre Daily routines. The time.(4)
-------------	--

	Tarefas integradas: O verán(3º-4º)
Metodoloxía(alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía : baséase principalmente no uso das Tac para conectar co alumno e levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe o máis normalmente posible dadas as circunstancias. No que se refire os alumnos se conectividade usarase o teléfono móbil pero afortunadamente os nosos alumnos teñen todos conectividade xa que o noso centro prestou tablets a aquelas familias que non tiñan outros medios de conectarse.
Materiais e recursos	Algúns dos materiais a utilizar son: -Ordenador. -Tablet. -Móbil. -Blog do centro. Blogs educativas. Páxinas web. -Correo electrónico. Os materiais usados polos profesores son da súa propiedade. -Wi-fi

4- Información e publicidade	
Información ao alumnado e as familias	A información ao alumnado e as familias fareino de varias formas. -Mediante a coordinación co titor do grupo. -Por teléfono móbil. -Por correo electrónico- -Usando o correo electrónico do centro.
Publicidade	Os traballos dos alumnos estarán publicados no blog do colexio así como todo tipo de actividades propostas durante este terceiro trimestre.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP MILLADOIRO (MALPICA)

CURSO: 5º-6º PRIMARIA

MATERIA: INGLÉS

DATA 12/5/2020

ÍNDICE

- 1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- 2- Avaliación e cualificación.
- 3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación).
- 4- Información e publicidade.

ANEXO DA PROGRAMACIÓN DO 3º TRIMESTRE PARA OS CURSOS 5º-6º PRIMARIA

TERCEIRO TRIMESTRE (covid 19)

Debido as circunstancias especiais que estamos vivindo por mor da pandemia do covid 19 o proceso de ensinanza aprendizaxe quedou especialmente alterado, polo que tivemos que adaptar as programacións e a metodoloxía utilizada durante o curso seguindo as instrucións do 27 de abril do 2020 da Dirección Xeral de Educación para o desenvolvemento do 3º trimestre nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste terceiro trimestre a nosa comunicación co alumnado é por medio das TAC e dicir, usamos todos os medios informáticos o noso alcance para seguir co proceso de ensinanza aprendizaxe..

Os medios usados son persoais, cada profesor usa o seu ordenador ,móbil,correo electrónico, tablets, skype etc para manter a comunicación co alumnado e imos aprendendo sobre a marcha esta nova maneira de traballar e de estar ahí para os nosos alumnos.

O traballo dos alumnos publícase no blog do cole e estamos constantemente en contacto coas familias para resolver calquera duda ou problema que poida aparecer

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-5º		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>BLOQUE1-Comprensión de textos orais</p> <p>B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia</p>	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. 	CCL
<p>B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital 	CCL
<p>. B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais,</p>		

<p>rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet 	<p>CCL CD CAA</p>
<p>▪ BLOQUE-2.Produción de textos orais</p> <p>B2.1 Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).</p> <p>B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, cunha pronuncia e entoación comprensibles • PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. 	<p>CCL CCL</p>
<p>B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións)utilizando distintos soportes multimedia. 	<p>CCL CD CSD</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción CCLde textos orais comprensibles 	<p>CCL CAA</p>
<p>BLOQUE-3-Comprensión de textos escritos</p> <p>B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. 	<p>CCL CD</p>
<p>PLEB3..9 Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.9. Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. 	<p>CCL</p>
<p>BLOQUE-4 Produción de textos escritos</p> <p>B.4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións</p>	<p>PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades , traballados previamente de forma oral</p>	<p>CCL</p>

ortográficas e os principais signos de puntuación.		
B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información escrita	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.4. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. 	CCL CD CSC
B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)	CAA CSIEE
.	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 	CCL
BLOQUE-5-Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.		CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. 	CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais, accións cotiás, de lecer... 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela. 		

-Estándares de avaliación e competencias imprescindibles para 6º

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
<p>BLOQUE-1- Comprensión de textos orais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. 	<p>PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p> <p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
<p>BLOQUE -2- Comprensión oral</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ . B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir. 	<p>PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p>
<p>BLOQUE-3- Comprensión de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiás ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. <p>B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.</p> <p>PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p>

<p>BLOQUE.4-Producción de textos escritos: expresión e interacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable ▪ corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. ▪ B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. 	<p>PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).</p>	<p>CCL CD CAA</p>
<p>BLOQUE.5- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades. ▪ B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas. 	<p>PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>

2-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN-5º-6º PRIMARIA

<p>Avaliación: A avaliación en Primaria é sempre continúa e global Debido a situación da pandemia tiven que modificar algún do procedementos usados nas anteriores avaliacións como por exemplo : Probas orais sobre o vocabulario aprendido Probas escritas . Tamén tomarei en conta os mínimos para pasar de curso.</p>	<p>Procedementos: -Traballos de repaso, reforzó ou ampliación de todo o que dimos na 1º e segunda avaliación. -Proxectos elaborados sobre temas motivadores: - Easter - Mother's Day. -All about me book. -Participación nas actividades propostas.</p>
<p>Cualificación Debido a que non todos os alumnos teñen a mesmas condicións para levar a cabo o traballo, todas as actividades propostas van servir para subir a nota global do alumno pero non para perxudicalo en caso de non poder facelo.</p>	<p>Instrumentos: Fichas de repaso con explicacións para a súa elaboración e de aspecto motivador para os alumnos. Caderno de actividades realizadas</p>
<p><i>Alumnado de materia pendente</i></p> <p><i>A este alumnado dareille fichas de repaso e reforzo para que consigan chegar aos mínimos esixibles da área..</i></p>	<p>Procedemento cualificación final Para a cualificación final terei en conta o seguinte: Nota media 5º-6º avaliación: 80% Realización das tarefas :20%</p>
	<p><i>Consecución de estándares mediante:</i> -<i>Traballo de reforzo para recuperar a primeira avaliación.</i> -<i>Traballo de reforzo para recuperar a segunda avaliación.</i></p> <p>Criterios de cualificación. Valoración das tarefas: 20% Nota media do curso: 80%</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso ampliación.

<p>Actividades</p>	<p>As actividades que se levarán acabo neste terceiro trimestre serán basicamente de repaso dos temas dados nas avaliacións anteriores.</p> <p>Modelo de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas de repaso e de reforzo e de ampliación personal description, family and friends. Presente simple and adjective order. -Fichas de repaso reforzo e ampliación de Food (likes and dislikes). Healthy eating. -Fichas de repaso, reforzo e ampliación de Healthy eating. Food (likes, dislikes) -Fichas de repaso reforzo e ampliación My city (local places) There's-there are <p>Proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Easter project: sobre a Pascua(5-6º) -Mother's day project(5º-6º) -Entrevistas -Proxectos: food groups, unique buildings, my free time <p>Tarefas integradas.(5º-6º)</p> <p>Gravacións .(5º-6º)</p> <p>Videos sobre temas motivadores.(5º-6º)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre personal descriptions and the grades of the adjective .The present of the verb to be. -Fichas de repaso, reforzo e ampliación sobre clothes and complements. The present simple and the adverbs of frequency. -Fichas de repaso, reforzo e ampliación de Jobs and time revisión.The past of the verb to be. - Fichas de repaso, reforzo e ampliación de Past times. The regular verbs. <p>Tarefas integradas.</p>
<p>Metodoloxía(alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía : baséase principalmente no uso das TAC para conectar co alumno e levar a cabo o proceso de ensinanza- aprendizaxe o máis normalmente posible dadas as circunstancias.</p> <p>No que se refire os alumnos sen conectividade usarase o teléfono móbil pero afortunadamente os nosos alumnos teñen toda a conectividade xa que o noso centro prestou tablets a aquelas familias que non tiñan outros medios de conectarse.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Alguns dos materiais a utilizar son:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Ordenador. -Tablet.

	<ul style="list-style-type: none"> -Móbil. -Blog do centro. Blogs educativas. Páxinas web. -Correo electrónico. Os materiais usados polos profesores son da súa propiedade. -Wi-fi
--	---

4- Información e publicidade	
Información ao alumnado e as familias	<p>A información ao alumnado e as familias fareino de varias formas.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mediante a coordinación co titor do grupo. -Por teléfono móbil. -Por correo electrónico- -Usando o correo electrónico do centro.
Publicidade	<p>Os traballos dos alumnos estarán publicados no blog do colexio así como todo tipo de actividades propostas durante este terceiro trimestre.</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ADAPTADA (PDA)

Relixión Católica



1. INTRODUCCIÓN

Índice

1. Obxectivos xerais de Educación Primaria.
2. Organización e secuenciación de contidos.
3. Criterios de avaliación.
4. Estándares de aprendizaxe.
5. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
6. Mínimos.
7. Criterios de cualificación e promoción.
8. Temas transversais.

2. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con minusvalidez.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houberse, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A Creación como agasallo de Deus.
- O home, obra mestra da Creación.
- A comunicación do home con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Deus acompaña o home na historia.
- Deus fálalles aos homes como amigos.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e medra nunha familia.
- Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús.
- Xesús morreu para a nosa salvación.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- A Igrexa, familia de Xesús.
- Espazo e tempo sagrado na Igrexa.
- O domingo, día dedicado ao Señor.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.
2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.
3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.
2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.
2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.
3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Coñece, respecta e cuida a obra creada.
- 1.2. Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.
- 2.1. Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.
- 3.1. Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.
- 3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Moisés para ser o seu amigo.
- 1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: cuidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
- 2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
- 2.1. Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.
- 3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo.

5. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia, que “describen” o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Relixión Católica.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconhecimento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora.* Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica.* Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

6 MÍNIMOS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Coñece, respecta e coida a obra creada.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 2.1. Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.
- 3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo.

7 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Valoración de contidos e competencias (controis)	30%
Traballo diario da clase (libro de actividades, fichas de elaboración do mestre)	30%
Actitude na clase	40%
Cualificación total	100%

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	30%
2. ^a avaliación	35%
3. ^a avaliación	5%
Comportamento e interes pola asinatura	25%
Portfolio de aprendizaxe	5%
Cualificación total	100%

Medio ambiente e ecoloxía

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura

Educación emocional

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social

CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ADAPTADOS
Educación Infantil



AVALIACIÓN CICLO INFANTIL 3º TRIMESTRE

A avaliación do terceiro trimestre, dadas as peculiares circunstancias que estamos a vivir e as dificultades ás que nos enfrentamos para desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe de calidade e funcional, terá como base fundamental as aprendizaxes adquiridas no 1º e 2º trimestre e a información obtida das familias.

Así a avaliación será continua, global e formativa, e realizarase a partir da observación dos traballos realizados na casa durante a corentena e achegados ás titoras a través dos correos persoais e o teléfono. As actividades propostas terán a finalidade de repasar os contidos xa vistos e a mellora de habilidades traballadas ata o momento do confinamento.

A análise dos vídeos e fotografías dos traballos enviados darán como resultado ver a medida no que o alumando mellorou nas súas habilidades, e terase en conta de forma positiva esta participación na avaliación deste 3º trimestre.

Os contidos para repasar neste terceiro trimestre son os que aparecen reflectidos nas programacións de aula redactadas e entregadas a comezo de curso.

Os ítems de avaliación son os seguintes :

4º EDUCACIÓN INFANTIL

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMIA PERSOAL

- Ten unha boa coordinación de movementos.
- Intégrase en xogos de grupo.
- Presenta unha boa motricidade xeral.
- Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio
- Gústalle participar en xogos que suponen exercicio motor, como carreiras e saltos
- Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Recoñece con que criterio se establece unha colección sinxela.
- Coñece a serie numérica.
- Emprega cuantificadores sinxelos e nocións espaciais en situacións significativas.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Recoñece o seu nome .
- Percibe diferencias e semellanzas entre palabras atendendo a diversos criterios.
- Produce sons e ritmos empregando diferentes instrumentos musicais.
- Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais sinxelos.

LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS

- Amosa interés por participar en interaccións orais en lingua inglesa.

RELIXIÓN CATÓLICA

- Escoita con interés os diferentes relatos de índole relixiosa lidos na aula.

5º EDUCACIÓN INFANTIL

COÑECEMENTO DE SI MESMOS E AUTONOMÍA PERSOAL

- Globalmente,móvese con axilidade.
- Esfórzase e remata as tarefas que emprende.
- É autónomo no coidado de si mesmo.
- Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio
- Gústalle participar en xogos que suponen exercicio motor, como carreiras e saltos
- Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Escribe os números convencionalmente.
- Emprega sistemas de medida convencional en situacións significativas.
- Recoñece algunhas figuras xeométricas
- Diferencia nocións temporais habituais.
- Sabe diferenciar e describir as consecuencias de fenómenos atmosféricos habituais.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Exprésase con frases correctas e terminadas.
- Asocia producións escritas con significados.
- Emprega os recursos expresivos plásticos coñecidos en situacións novas.
- Participa activamente na interpretación de cancións, xogos musicais, danzas
- Demostra interés e gusto polas actividades nas que se empregan as tics.

LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS

- Participa activamente nas actividades que convidan ó uso da lingua inglesa.

RELIXIÓN CATÓLICA

- Participa nas diferentes actividades de carácter relixioso e amósase colaborador cos compañeiros e compañeiras.

6º EDUCACIÓN INFANTIL

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMIA PERSOAL

- Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais
- Participa nos xogos cunha postura colaborativa e non dominate nin submisa
- Progresa no control dos seus sentimentos e emocións
- Ao rematar unha actividade individual, ordena o material
- Actúa autónomamente
- Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio
- Gústalle participar en xogos que suponen exercicio motor, como carreiras e saltos
- Intégrase en xogos de grupo

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Escribe os números convencionalmente
- Conta de forma ordenada e dando un cardinal final que representa a cantidade de obxectos dada.
- Representa as figuras xeométricas básicas
- Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula
- Identifica normas básicas para a conservación do contorno

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Ten unha linguaxe fluída
- Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar
- Comprende ordes complexas que implican dúas ou tres acción consecutivas
- Reescribe , tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos.
- É orixinal na súa expresión plástica
- Descubre as posibilidades expresivas corporais do seu propio corpo
- Participa cando se fan actividades musicais

LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS

- Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira
- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.
- Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.

RELIXIÓN CATÓLICA

- Respecta ós seus compañeiros e compañeiras de aula.
- Amosa alegría e ganas de participar nas festas